


LABORATORIO ESCOITASME?

ACTIVIDADE ONLINE E DE BALDE



LABORATORIO ESCÓITASME?

Un caderno de bitácora da Fundación Luis Seoane

DE LUNS A SÁBADO DE 17 a 18h.
NA PLATAFORMA ZOOM
con Fermín Blanco e Silvia Longueira

A **Fundación Luis Seoane** oferta unha actividade na rede a través da **plataforma Zoom** para que os nenos e as familias poidan compartir coñecementos, entrevistar a convidados e propoñer actividades para estes días de peche das rúas. A obra plástica, o pensamento e o traballo de Luis Seoane van ser os motores do Laboratorio.

A actividade durará unha hora, **de 17 a 18 horas**. Durante este tempo, os nenos e as familias que desexen acompañalos traballarán con textos e con obra plástica e editorial de **Seoane**. Poderán entrevistar e falar con convidados sobre temas como poesía, deseño, creatividade, historia...

Comenzamos o 21 de marzo, Día da Poesía!!!

A actividade é de balde e se queres participar non tes máis que cubrir este formulario:

NOME E APELIDOS:

DATA DE NACEMENTO:

NOME DOS PAIS:

TELÉFONO:

EMAIL: EMAIL ALTERNATIVO

21 MARZO
Sábado
**4 PROPOSTAS DA POESÍA
DE LUIS SEOANE**
Convidada: Silvia Longueira

23 MARZO
Luns
**Revisión do
traballo anterior**
Convidada: Silvia Longueira

24 MARZO
Martes
**OS LIBROS E A SÚAS LETRAS.
OS LIBROS QUE EDITOU SEOANE**
Convidado: David Carballal

25 MARZO
Mércores
**Revisión do
traballo anterior**
Convidado: David Carballal

26 MARZO
Xoves
**A EXPOSICIÓN DE MAPA
DOS DESEXOS. FAI A TÚA
EXPO CON SEOANE**
Convidado: Antón Lezcano

27 MARZO
Xoves
**Revisión do
traballo anterior**
Convidado: Antón Lezcano

28 MARZO
Sábado
REUNIÓN DE PROPOSTAS PARA A VINDEIRA SEMANA
Con: Fermín Blanco e Silvia Longueira

#euquedonacasa

Dacordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e dos do menor inscrito na actividade é a Fundación Luis Seoane, con dirección na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais e os do menor é o consentimento expreso que nos outorga mediante a sinatura do presente documento. Os seus datos persoais e os do menor serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, así como para a xestión administrativa derivada da actividade. Nin os seus datos nin os do menor se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos e/ou os do menor, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por enderezo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, a través das actividades para nenos organizadas, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou videos a través de videoconferencia nos que poida aparecer o menor ao seu cargo, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se podan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura do fundación. Por favor marque a casilla que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

Sí, dou o meu consentemento para que se publiquen imaxes e/ou videos, nos que poida aparecer o meu fillo/a ou menor tutelado a través das canles mencionadas.

Non dou o meu consentemento para que publiquen imaxes e/ou videos, nos que poida aparecer o meu fillo/a ou menor tutelado a través das canles mencionadas.

Fundación Luis Seoane infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que elo anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se otorgou o consentimento ata que vostede nolo retirou.